

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS DE GALICIA

CURSO AVANZADO
DE ESPECIALIZACIÓN
ORQUESTRAL
2013-2014

Director

Paul Daniel

Director asociado

Maximino Zumalave

Xefe de estudos

Enrique Meyer Pleite

CURSO AVANZADO DE ESPECIALIZACIÓN ORQUESTRAL

TÍTULO PROPIO DE POSGRAO DA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os alumnos estarán orientados dende o primeiro momento polos seus respectivos titores que realizarán un itinerario formativo individualizado e pormenorizado tendo en conta as características especiais de cada instrumento. Esta programación educativa garantizará a formación do alumno e permitiralle obter os créditos necesarios para a súa acreditación como especialista.

Coa finalidade de que os alumnos poidan ensaiar tanto de forma individual como colectiva, a EAEM garantizará na sede da escola aulas e cabinas de estudo para todos.

Ao ser un curso eminentemente práctico, as materias instrumentais terán unha carga de traballo non presencial superior á presencial.

MATERIAS

A. ESPECIALIZACIÓN INSTRUMENTAL CLASES INDIVIDUAIS

Cada alumno recibirá do seu titor/profesor, un mínimo de 40 horas de práctica instrumental personalizada distribuídas ao longo do curso académico.

PROFESORES VISITANTES. CLASES MAXISTRAIS

Os alumnos da EAEM recibirán clases individuais por parte de solistas de relevancia internacional ben sexan invitados da Real Filharmonía de Galicia ou contratados para o efecto.

B. PRÁCTICAS COA RFG

Cada alumno, coa supervisión do seu titor, incorporarase á RFG participando nun mínimo de seis programas por tempada (ciclo académico).

C. MÚSICA DE CÁMARA E CONXUNTO INSTRUMENTAL

Todos os alumnos participarán en programas referidos á práctica de conxunto que se materializarán en concertos públicos ao longo do curso académico.

D. MATERIAS TEÓRICAS

Impartiranse contidos teórico-prácticos aplicados á práctica instrumental, ao coñecemento do mundo profesional así como a aspectos relacionados coa adquisición dunha boa disposición mente-corpo.

E. TRABALLO FIN DE CURSO

Para a obtención do título de postgraduado, os alumnos deberán realizar un proxecto fin de curso que consistirá basicamente na preparación e interpretación de concertos públicos que impliquen unha participación solista destacada ben sexa en concertos individuais ou de conxunto.

